ALVAREZ RIVEIRA

ORTOPEDIA MARIÑO

FERDOBA

Agro do Forno ESTACIÓN DE SERVICIO

MATADERO ASADOR

ALRO ALQUILER

MUSIEVENTOS Producción · Sonido · Iluminación

A VAQUIÑA ASADORESTAURANTE

Recoveira

Biona ALMACENES VIDAL

EL BARRIO CROSS & FIGHT NW 2016

LR LA PARRA DISTRIBUCIONES

Basoñas mar

CAIRENA AISLAMIENTOS Y SECTORIZACIONES INDUSTRIALES

KIBU TALLERES

SERDECO CONTRATAS

MULTISERVICIOS OTERO EXCAVACIONES Y TRANSPORTES

O FORNO DE ARTES 1957

Rivelsa

a de ramona

novo sorriso Laboratorio Dental

Metales TARAGOÑA

A Despensa de Rocío

VICTOR TEIRA REPARACIONES Y MONTAJES

STD D'21 TALLERES VALVERDE

Juan Pego

Qbit Café

Andrés de Frións Trabajos y servicios agrícolas

TASCA DO BARBANZA

REVIRAVOLTA

## UNHA COUSIÑA SOBRE O PAPEL

Lembrade que o papel deste programa (e o papel en xeral!) é biodegradable, reciclable, renovable e sostible. Faise con fibras orgánicas de árbores cultivadas, non de bosques virxes. O seu cultivo xera emprego e beneficia o medio ambiente, como se recoñeceu xa no Cumio da Terra de Río. Ao rematar, por favor, botadeo a reciclar. Axudemos a coidar o noso!



# PROGRAMA 2026

# BRUÓN FOLK FEST

## ARTES-RIBEIRA 8-9 MAIO

XUNTA DE GALICIA

Deputación DA CORUÑA

Ribeira

toxo TELECOM·ENERXÍA·SEGURIDADE

Os Liantes

CENTRO RECREATIVO DE ARTES

# A LENDA DO BOI

FROUMA
ATLANTIC WOOD

Todas e todos sabemos que debaixo da lagoa do Carregal, entre Artes e Olveira, hai unha lexendaria aldea, vila ou cidade asolagada. O que conta a lenda que xeración tras xeración nos foron transmitindo é que esa poboación quedou somerxida, e nela habitaban mouros vencidos por Carlomagno. Esta é unha pasaxe épica da que xa se fala no propio Códice Calixtino.

A ese asolagamento sobreviviu un boi (un boi mamífero, o macho da vaca, neste caso non un boi de mar). E disque ese boi é un mouro encantado. Aínda hoxe, de vez en cando, se poden oír os seus berros, e incluso as burbullas da súa respiración no Carregal. Deses berros, bramidos, ruxidos ou bruídos é de onde vén o seu nome. Do moito que bruaba, e brúa, quedoulle o nome de Boi Bruón. E, de todo iso, da tradición, da transmisión interxeracional, da historia de Artes, da lenda e do moito que imos bruar é de onde tomamos o nome do noso festival: Bruón Folk Fest.

# VENRES 8

Digar
Construcciones Metálicas

JUMANJI
Mojitos Jumanji

## 20:00 Presentamos o festival
Presentacion: o despertar do Brúón. Invocamos a maxia do Bruón, que sae da lagoa para xuntarnos arredor do ruxir da música. Sabías que o noso Boi brúa en galego?

## 20:30 Mesa Redonda
Con Nel Vidal, Mateo Vázquez e Alicia Padín. O eco das crónicas e do bronce, letras e sons que transmiten e comunican coa súa propia linguaxe.

## 21:30 Liantes e amigos
O Bruído vólvenos xuntar. A forza do son local nun concerto único cheo de irmanamento. Os da casa en boa compañía para ofrecer un espectáculo cargado de sorpresas

## 22:30 Five Pipers: Noite de Queimada e Folk
Bruxas e trasnos xúntanse para bailar coa enerxía explosiva de Five Pipers. Unha viaxe musical nocturna entre as chamas do metal - punk feito con gaitas.

## A Feira e a Eira: Bruar, comer e xantar
Estreamos a Feira do Bruón, un escaparate de pezas únicas onde o coiro, a madeira e a ilustración galega cobran vida. Achégate tamén á Eira do Xantar na zona enexa, e fai tamén un pouso na Taberna do Festival para repoñer forzas e bruar con enerxía.

MONTAJES BARBANZA

ANDAMIOS ISMAEL

CENTRO PEDAGÓXICO PAULA PÉREZ
atención á diversidade

SANIMOVIL
ASEOS MÓVILES W.C.

# SÁBADO 9

Asociación Cultural Albariza

COMUNIDADE VECIÑAL DE MONTES EN MANCOMÚN DA PARROQUIA DE ARTES

## 11:00 3ª Edición Bruonciño
Volvemos a medrar cos máis pequenos, que toman o escenario para amosarnos toda a súa forza. O futuro da nosa cultura comeza coas súas mans, voces e ganas de bailar.

## 12:00 Artesanía tradicional de forxa e cerámica
Demostracións de forxa e cerámica en vivo; un espazo para ver como as mans expertas tocan a terra e o ferro para darlle forma e convertelos en tradición e arte.

## 12:30 Parladoiro con Mondra
A nosa rapazada conversa cara a cara cun dos referentes da escena musical galega. Os cativos toman a palabra para imaxinar, xunto a Mondra, o futuro do noso son.

## 13:30 Ce Pantasma
Risas e sorpresas garantidas para a rapazada de tódalas idades. Un espectáculo onde a imaxinación non ten límites e a participación dos pequenos é a verdadeira protagonista.

## 14:30 Sesión Vermouth: Requinta de Lampai
O momento social por excelencia co son elegante e auténtico da requinta. Gastronomía e música para gozar do mediodía no Bruón con toda a familia e amigos.

## 16:00 Pakolas: música e narración en familia
Enerxía a tope para que nenos e maiores salten e bailen. Unha proposta didáctica e divertida que conecta a forza da música coas historias da nosa terra.

## 17:00 Taller pedagóxico con Paula Pérez
Creatividade e inclusión nun obradoiro único deseñado para a diversidade. Un espazo seguro onde cada neno e nena aprende a través do xogo.

## 17:10 Ti si que Bruas
O noso escenario abre as portas ao talento espontáneo da xente. Participa nesta iniciativa popular onde calquera, sen importar a idade, pode subir a bruar con arte.

## 18:30 Ce Pantasma
Recuperamos o espírito dos vellos seráns con probas de enxeño e moito humor para os que nunca deixamos de ser nenos.

## 19:30 Obradoiro de Baile con Luis Prego
Aprende os pasos que fan tremer a terra coma se foses o mesmo Bruón. Unha clase aberta para todos os niveis onde prepararemos os pés para a gran noite de concertos.

## 21:00 Faltriqueira
Máis de 20 anos reinterpretando a música tradicional desde a voz e a escena. Unha proposta elegante, emocional e descarada que expande os límites da tradición.

## 22:30 Ardentía
Referentes dende 1989 mesturando as músicas tradicionais e cantigas populares nunha festa popular cunha forza instrumental única.

## 0:00 Ramalleira
Toda a forza da nosa música volve dende a diáspora con gaitas e ferreñas cómplices e virales que se aferran a súa orixen galega..

## 1:30 Himno Bruón
Despedimos a edición co corazón cheo e a alma vibrando coa nosa canción de cuna para o Bruón.

Himno Bruón